

RAPIDEZ Dous grupos de persoas acampadas en Benasque e Bielsa, a maioría delas rapaces, foron trasladados ó alagarse as súas tendas

Evacuadas en Huesca 306 persoas polas trombas de auga

Ninguén sufriu danos derivados da treboada no Pireneo malia as perigosas enchentes rexistradas na zona

Efe - Zaragoza

Equipos da Garda Civil procederon na madrugada do domingo ó rescate de máis de 300 persoas un total de 182 acampadas en Benasque, 120 en Bielsa e outras catro atrapadas nun vehículo ó que arrastrara a corrente debido ós trombas de auga caídas no Pireneo aragonés.

O grupo de scouts desaloxados dos Llanos de Senarta, en Benasque, e o campamento de Juniors-Fraga, evacuado no val de Pineta, en Bielsa, polas tormentas, deron por finalizada a súa estadia no Pireneo tras as previsións de chuvia e o estado en que quedou a zona. O grupo, composto por 115 mozos de

entre 14 e 17 anos, procedentes da contorna de París, norte de Francia, Albacete e Santander, levaba na zona desde o luns 30 de xullo.

Forman parte da Asociación Interdiocesana Scouts de Aragón MCS, e onte partiron cara a Villanúa (Huesca) para participar na concentración *En defensa da paz e do medio ambiente*, organizada polo Movemento Scout Católico de Aragón dentro do centenario do escultismo.

Segundo relatou o director do campamento, Javier Izurzu, esta era a súa última noite de campamento, e onte, cando empezou "a forte choiva", varias das súas tendas moláronse e alagáronse, motivo polo cal chamaron ó Concello de Benasque para solicitar entrar nunha caseta que o Consistorio posúe preto da zona de acampada.

Os bombeiros de Benasque acudiron ó lugar e, ó ver o estado das tendas, aconselláronlles ós responsables trasladarse e pasar a noite no polideportivo, onde lles proporci-



Scouts desaloxados de madrugada de Llanos de Senarta, en Benasque, volveron onte pola mañá a polas cousas

EFICACIA

Rescatadas dun coche catro persoas

Efectivos da Benemérita de Balsa e Fisca, tiveron que rescatar na madrugada do domingo ó luns na paraxe coñecida como La Ronatiza del Valle de Pineta, catro cidadáns franceses que se atopaban atrapados dentro dun

vehículo, arrastrado pola auga do río Cinca, pola importante enchente xurdida debido a unha forte tormenta. Os rescatados foron trasladados ata a Colonia do Padre Jordi Turull, situada no mesmo val.

narón bebidas quentes, comida e mantas para durmir.

Doutra banda, o grupo de Juniors Fraga, integrado por 114 nenos de entre 9 e 17 anos, e 16 monitores, foi evacuado por petición dos seus responsables ante a imposibilidade de pasar a noite nas tendas de campaña. Este campamento xa repetira experiencia no mesmo lugar hai catro anos. ●

PREVISIÓN ■ Tenerife terá no verán do 2008 unha base da Unidade Militar de Emerxencias

Malia os incendios en Canarias, queimouse menos que no 2006

Pese ós lumes rexistrados en Canarias, cuxa superficie afectada foi unhas 10.000 hectáreas, os incendios queimaron en España ata o 29 de xullo unhas 23.000 hectáreas, a metade do que ardeu no mesmo período do 2006. Segundo o ministerio de Medio Ambiente, do 1 de xaneiro de 2006 ó 29 de xullo dese ano, arderon 43.184 hectáreas. No mesmo período deste ano foron 13.677 hectáreas sen incluír os incendios de Canarias porque o dos Reaxejos (Tenerife) comezou despois do 29 de xullo e a superficie do de Tejeda (Gran Canaria) ten aínda pendente a súa medición definitiva.

Os cabildos de Gran Canaria e Tenerife estimaron en 10.000 hectáreas a superficie queimada, aínda que os lumes se estenderon por áreas máis amplas que alcanzaron

as 35.000 hectáreas. Os datos que manexa Medio Ambiente correspondentes ó resto de España, indican que houbo 3.299 conatos (menos dunha hectárea), 1.547 incendios (máis dunha hectárea) e deles tres grandes incendios (máis de 500 hectáreas), é dicir a metade que en 2006. As comunidades do noroeste (Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e as provincias de León e Zamora) son as que máis lumes sufriron (41,46%), seguidas polas do interior (33,73%), as do mediterráneo (22,78%) e a canaria (2,04%).

Precisamente o ministro de Defensa, José Antonio Alonso, anunciou onte que o destacamento da Unidade Militar de Emerxencias (UME) de Tenerife estará operativo o próximo verán cun investimento de 65 millóns de euros. ● EFE



O xefe da UME, tenente xeneral Fulgencio Coll, esq., e o ministro Alonso

CROACIA

■ As lapas aínda non foron extinguidas

Baixo control o lume que ameazaba Dubrovnik

Logo dunha noite de "loita infernal" contra o lume, os bombeiros e voluntarios lograron por onte baixo control o incendio ó redor de Dubrovnik, que ameazaba con estenderse a esta cidade croata que forma parte do patrimonio cultural da Unesco. Un xefe de bombeiros de Dubrovnik declarou á televisión nacional croata HTV: "Os incendios están baixo control, pero aínda non podemos estar tranquilos", xa que hai lumes abertos que un eventual vento forte podería atizar de novo. Grazas a que o vento se tranquilizou, de madrugada tres avións antiincendio puideron acudir en axuda dos 250 bombeiros e miles de cidadáns, incluídos moitos turistas, na loita contra o lume. ● EFE